

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN PROVISIONAL E APERTURA DO TRÁMITE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO 2020

O Pleno da Corporación do Concello de Lalín, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2019, aprobou con carácter provisional o Expediente de modificación das Ordenanzas fiscais para o exercicio 20120 (Expte.4346/2019), que comprende os seguintes acordos:

Primeiro.-No Imposto sobre Bens Inmóbles, o establecemento, ao abeiro do disposto no artigo 74.2.Quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dunha bonificación na cota íntegra do imposto a favor dos inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalación sempre e cando implique creación de emprego.

O establecemento desta bonificación leva consigo a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, consistente na introdución do Artigo 4.Ter.-Bonificación por fomento do emprego-iniciativa “Concellos Business Galicia”.

Segundo.-No Imposto sobre Actividades Económicas, o establecemento, ao abeiro do disposto no artigo 88.2.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, duna bonificación na cota íntegra do imposto a favor dos suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalación sempre e cando implique creación de emprego.

O establecemento desta bonificación leva consigo a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, consistente na introdución do Artigo 4.Bis.-Bonificación por fomento do emprego-iniciativa “Concellos Business Galicia”.

Terceiro.-No Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, o establecemento, ao abeiro do disposto no artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dunha bonificación na cota do imposto a favor de construcións, instalación ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalación sempre e cando implique creación de emprego.



Xoves, 31 de outubro de 2019

Núm. 210

O establecemento desta bonificación leva consigo a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto Sobre Construcións, Instalacións e Obras, consistente na modificación do Artigo 6.1 e a introdución dun novo apartado: Artigo 6.3.-Bonificación por fomento do emprego-iniciativa “Concellos Business Galicia”,

Cuarto.-As medidas de carácter fiscal relativas á iniciativa “Concellos Doing Business Galicia” recollidas nos apartados Primeiro, Segundo e Terceiro deste acordo manteranse cando menos tres exercicios orzamentarios.

Quinto.-No Imposto sobre Bens Inmóbles, o establecemento, ao abeiro do disposto no artigo 62.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dunha exención a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde.

O establecemento desta bonificación leva consigo a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, consistente na introdución do dun novo apartado 4 do Artigo 3.-Exencións.

Sexto.-Arobar a modificación das Ordenanzas seguintes, achegándose ao expediente o contido das mesmas:

- Ordenanza reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.
- Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros.
- Ordenanza reguladora do Prezo público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín.

En cumprimento do disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os citados acordos provisionais expóñense ó público no taboleiro de anuncios do Concello, estando a disposición dos interesados o expediente elevado ó Pleno no departamento de Intervención do Concello durante trinta días hábiles, durante os cales poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presentaran reclamacións no prazo indicado, de conformidade co apartado 3 do artigo 17 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entenderanse definitivamente adoptados os acordos, sen necesidade de acordo plenario.

Lalín, a 25 de outubro de 2019. Documento asinado dixitalmente.

A concelleira delegada de Facenda

Raquel Lorenzo Fernández

